


BENQUERIDAS FAMILIAS:

Para ter un bo inicio de curso ofrecémosvos nesta circular información de interese relativa á organización deste curso 2024-25.

Neste curso as entradas e saídas faranse no seguinte horario a través das diferentes portas de acceso ao centro.

HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
9:10	14:10



Para unha boa organización é importante que o alumnado **sexa puntual nas entradas e que as familias sexan puntuais nas saídas**. Pídese a colaboración de todas as familias para **facilitar o tráfico nos arredores do centro**.

O portal abrirase a partir das 9:00 horas. O alumnado non pode permanecer só no recinto, agás o alumnado de 5º e 6º e os seus irmáns con autorización. **O centro estará aberto de luns a venres ata as 18:00 horas. A biblioteca estará aberta para préstamos de 16 a 18 horas. Neste horario o alumnado sempre debe estar acompañado dunha persoa adulta**. Pídese a colaboración a todas as familias para coidar o material e as instalacións do centro (bicis, xogos, biblioteca, limpeza do patio...).

As autorizacións deben ser asinadas coa maior brevidade.

As titorías convocarán unha reunión coas familias durante o mes de setembro ou principios de outubro.

O horario de secretaria será:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
10:00 - 11.50	9:10- 11:00	9:10- 10:00	9:10- 11:00

O horario de **atención ás familias** será os martes de **16:00 a 17:00** horas, agás os primeiros martes de mes.

Segundo a **ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia** establécense os seguintes períodos de vacacións:

- Nadal: desde o día 23 de decembro de 2024 ata o día 8 de xaneiro de 2025, ambos incluídos.
- Entroido: 3, 4 e 5 de marzo de 2025.
- Semana Santa: desde o día 14 ó 21 de abril de 2025, ambos incluídos.

A parte dos festivos locais e estatais, teremos como día non lectivo **o xoves 31 de outubro de 2024 (día do ensino), luns 4 de novembro de 2024 e o luns 28 de abril de 2025 (San Telmo).**

As aulas rematarán o venres 20 de xuño.

#### **DATA DA ENTREGA DE NOTAS:**

<b>1ºTRIMESTRE</b>	<b>VENRES 20 DE DECEMBRO</b>
<b>2ºTRIMESTRE</b>	<b>VENRES 11 DE ABRIL</b>
<b>3ºTRIMESTRE</b>	<b>XOVES 19 DE XUÑO</b>

Para calquera dúbida podedes chamar ao centro (886 110 812) ou mandar un email (ceip.numero1.tui@edu.xunta.gal), estaremos encantados de resolver as vosas inquedanzas.

Un afectuoso saúdo,O EQUIPO DIRECTIVO